Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Mouras que rezan

Do Penedo da Moura, que está no lugar de Espiño, en Oímbra (Ourense), cóntase unha curiosa historia.

O Penedo ten tress buratos, dous pequenos e un grande, e contan os veciños do lugar que cando as mouras regresaban de lavar no río paraban a rezar neste penedo e facían da seguinte maneira: metían os dous brazos nos buracos pequenos e a cabeza no meirande.

Tamén hai un tobo que segundo os máis vellos do lugar era polo que levaban os mouros os cabalos ata o río para que bebesen.

BIBLIOGRAFÍA

RODRÍGUEZ CRUZ, José / LOURENÇO FONTES, António (2005): Mitos, crenzas e costumes da Raia Seca. A máxica fronteira Galego-Portuguesa.Editorial: Ir Indo, Vigo.